



## RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR DE VIGO POLA QUE SE FAI PÚBLICA A RELACIÓN PROVISIONAL DAS EMBARCACIÓNS ADMIITIDAS PARA A OBTENCIÓN DA MODALIDADE DE MARISQUEO CON VARA NO PERMISO DE EXPLOTACIÓN DENDE EMBARCACIÓN NA CONFRARÍA DE PESCADORES DE VILAXOÁN

### Antecedentes

1. O plan específico de moluscos bivalvos na modalidade de marisqueo dende embarcación en zonas de libre marisqueo da Confraría de pescadores de Vilaxoán (PE403A 2023/36-5) (en diante, plan de xestión) aprobouse para o trienio 2024-2026 mediante a *ORDE do 21 de decembro de 2023, pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2024-2026*.
2. De conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión, estableceuse un número máximo de vinteún (21) embarcacións con cincuenta e sete (57) tripulantes con dereito a cota durante a súa vixencia prevéndose a convocatoria dun proceso selectivo para acadar o número máximo.
3. O 16 de xaneiro de 2024 a Confraría de Vilaxoán presenta unha solicitude de convocatoria dun proceso para acadar o número máximo de vinteún (21) embarcacións indicado no plan de xestión.
4. Por Resolución da Xefatura Territorial de Vigo publicada o 25 de xaneiro de 2024, convocouse o proceso selectivo para outorgar a modalidade de marisqueo con vara no permiso de explotación para dúas (2) embarcacións, e un máximo de seis (6) tripulantes con dereito a cota.
5. Rematado o prazo de presentación das solicitudes conséntase que se presentaron dúas (2) solicitudes ao proceso selectivo.

### Consideracións legais e técnicas

1. A *Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro*, establece artigo 18 que o exercicio da actividade de marisqueo dende embarcación requirirá dispor da modalidade de marisqueo no permiso de explotación da embarcación. Para o exercicio do marisqueo dende embarcación soamente se poderán empregar embarcacións incluídas no Censo da flota pesqueira operativa e no Rexistro de buques pesqueiros de Galicia.
2. A Resolución do 22 de outubro de 2013 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (DOG núm. 209 do 31 de outubro de 2013) establece o baremo para incrementar o número de cotas nas embarcacións que xa participan nun plan de xestión e para acceder á modalidade de marisqueo con vara no permiso de explotación no marco dun plan de xestión.



3. De acordo co disposto no apartado 1.3.3. das bases da convocatoria, cando o número de solicitudes fose superior ao de prazas, a distribución realizarase en función da puntuación que resulte de aplicar o baremo establecido na letra C do anexo I da Resolución do 22 de outubro de 2013, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro. Ao terse presentado 2 solicitudes, número igual que o de prazas convocadas, non foi preciso baremar as solicitudes.

4. A Xefatura Territorial da Consellería do Mar de Vigo é competente para ditar as resolucións deste proceso selectivo segundo o Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia.

**De acordo co anteriormente indicado, RESOLVO:**

Aprobar a relación provisional das embarcacións admitidas para a obtención da modalidade de marisqueo con vara dende embarcación da Confraría de Pescadores de Vilaxoán (ANEXO I).

Está resolución estará exposta na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios da Xefatura Comarcal de Pontevedra, da Xefatura Comarcal de Vilagarcía e no taboleiro de anuncios da Confraría de Pescadores de Vilaxoán.

Contra o disposto nesta resolución poderanse presentar alegacións no prazo de 15 días a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución ante a Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo.

Sonia Lorenzo Santos

A xefa territorial





**ANEXO I**

**Proceso selectivo para a obtención da modalidade de marisqueo con vara no permiso de explotación dende embarcación na confraría de pescadores de Vilaxoán**

**SOLICITUDES ADMITIDAS**

NOME DA EMBARCACIÓN	MATRÍCULA
FINA VILAXOÁN	3ªVILL-3-1-13
LUCITA	3ºVILL-5-460

XEFATURA TERRITORIAL  
Edificio Administrativo – entrada principal  
rúa Concepción Arenal, 8, 4º  
36201 Vigo  
tfno 986 817 100  
xefatura.territorial.mar.vigo@xunta.gal

